



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA CONVOCATORIA BOLSA EMPREGO PARA O POSTO DE CONDUTOR DA BARCA MUNICIPAL DO CONCELLO DE BETANZOS

EXPEDIENTE: 2023/E001/000035

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Informe de necesidades do Concelleiro de Turismo, de data 01/03/2023

SEGUNDO. Providencia de inicio do Concelleiro de Persoal de data 01/03/2023

TERCEIRO. Informe de secretaría de data 03/03/2023

CUARTO. Resolución Nº 529/2023 de data 08/03/2023, de aprobación de bases que deben rexer o proceso selectivo para a creación dunha bolsa de persoal laboral para o posto de condutor da barca municipal.

QUINTO. Publicación das bases e convocatoria no BOP nº51 de 15 de marzo de 2023.

SEXTO. Resolución de data 04/04/2023 da lista definitiva de admitidos e excluídos da convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego de condutor da barca municipal.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística de Galicia; Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos seus arts. 231 e seguintes; Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, nos seus arts. 21.1.g), 91, 103 e 104; Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 30/1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública; Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, nos seus arts. 177 e seguintes; Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, na súa Disposición Adicional Segunda; Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023; Convenio Colectivo para o persoal laboral do Concello de Betanzos, (publicado no BOP nº. 66, do 06.04.2017).

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. Vistas as actas dos distintos tribunais de realización e valoración das probas da fase de oposición e os respectivos anuncios publicados na páxina web e na sede electrónica do Concello de Betanzos coa relación de candidatos por orde de puntuación coa proposta da lista definitiva da bolsa de emprego.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola alcaldesa de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. **RESOLVO:**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).

**Concello de Betanzos**

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.netsede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>e-mail: correo@betanzos.net

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á lista definitiva coa orde e cos integrantes da bolsa de emprego de condutor da barca municipal do Concello de Betanzos:

Apelidos e nome	D.N.I.	Puntuación
Núñez Vázquez, Fernando	***8510**	9,5
García Martínez, Marcos Manuel	***8110**	8,5

SEGUNDO.- A vixencia da citada bolsa será de tres anos a contar dende o día de nomeamento do primeiro aspirante

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa

María Barral Varela

O secretario

Adrián J. Márquez Caramés